



## INFORME

En relación co procedemento de contratación dos traballos de *INSTALACIÓN E DESINSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE NADAL E CARNAVAL. CAMPAÑAS 2023-2024 E 2024-2025* infórmase:

1. Que avalíanse as propostas presentadas polas empresas presentada ao procedemento, CREACIONES LUMINOSAS, S.L e COMPAÑÍA DE EFICIENCIA Y SERVICIOS INTEGRALES., S.L. (en adiante, EFFICO), no tocante aos criterios subxectivos establecidos no PCA:
  1. Deseño de motivos e arcadas en rúas ( De 0 a 22 puntos)
    1. Aspectos estéticos: ata 20 puntos
    2. Variedade: ata 2 puntos.
  2. Deseño de motivos e arcadas en prazas ( De 0 a 22 puntos)
    1. Aspectos estéticos: ata 20 puntos.
    2. Variedade: ata 2 puntos
  3. Calidade técnica e eficiencia dos motivos e arcadas (De 0 a 2,5 puntos)
  4. Calidade e claridade da información contida na oferta (De 0 a 2,5 puntos)
2. Pódense ver no expediente os dossiers presentados polas empresas, nos que se poden apreciar a cantidade e as características representativas dos elementos ofertados, así como fotomontaxes das mesmas.
3. A este respecto, débense sinalar os seguintes puntos:
  1. En varios apartados da documentación que serviu de base para o procedemento de contratación, indícase a necesidade de presentar, para cada unha das campañas de Nadal e de Carnaval, por cada ano, documentación que permita avaliar a oferta presentada. En concreto, no Anexo I do PCAP, establécese, resaltado en negra:

Os licitadores presentaran neste Sobre 2 unha **Memoria Técnica** que incluirá **para cada unha das Campañas de Nadal** (Decembro 2023-Xaneiro 2024 Decembro 2024-Xaneiro 2025) e **Carnaval** (2024-2025) consonte o establecido no Prego de Prescricions Técnicas:.....

Isto se fai así para que, por parte das empresas, se presenten as súas ofertas para cada unha das dúas anualidades, que ,aínda que non se obriga expresamente a que sexan diferentes entre elas, si que, por parte das empresas, adoitan presentar algunhas diferencias, en maior ou menor medida, entre as dúas campañas, contribuindo, deste xeito, a diversificar a oferta, e, introducindo, deste xeito, certa compoñente de sorpresa na veciñanza. Neste caso, e en relación coas campañas de Nadal, a empresa EFFICO presenta unha única documentación que titula: *PROPUESTA DE ILUMINACIÓN DE NAVIDAD 2023-2024/2024-2025*. Pártese logo da base que a proposta é única para os dous anos.

2. Por outra banda, e respecto ás campañas de Carnaval, so inclúen unha documentación que titulan, neste caso: *PROPUESTA DE ILUMINACIÓN CARNAVAL 2024*. O contrato esténdese a dúas campañas que recollen as festas de Entroido dos anos 2024 e 2025; neste caso, non se indica nada respecto á de 2025, e non se

pode facer a mesma suposición ca no caso da iluminación de Nadal, tendo en conta, ademais, que neste último caso, a iluminación de Nadal, titula expresamente a documentación presentada facendo alusión ás dúas campañas a contratar, e no caso do entroido, so se fai alusión ao ano 2024.

3. Á vista do anterior, enténdese que a empresa non presenta oferta para a campaña de Carnaval de 2025, polo que proponse, pola miña parte, a exclusión da oferta presentada pola empresa COMPAÑÍA DE EFICIENCIA Y SERVICIOS INTEGRALES., S.L.
4. Non obstante o anterior, e por se se considera improcedente a exclusión, procédese á avaliación das dúas ofertas, á vista da documentación presentada:

#### **1. Deseño de motivos e arcadas en rúas**

A xuízo do que subscribe, as ofertas presentadas polas empresas resultan axeitadas no relativo a:

##### **Aspectos estéticos**

*Cores:* ámbas as dúas presentan unha boa gama de azuis, amarelos, vermellos e brancos, se ben resulta bastante superior, a xuízo do que subscribe, a presentada por CREACIONES LUMINOSAS, non só por presentar dúas campañas con certas diferenzas entre elas (na rúas, non así nas prazas, onde as ofertas son similares), senón porque, as arcadas e motivos que presentan xogan cun número superior de cores ca no caso de EFFICO, dándolle unha aparencia máis rica e diversa.

*Aspecto Visual:* Nos dossiers que se achegan coas ofertas, pódense apreciar as características dos elementos ofertados. Aínda que en ámbolos dous casos teñen boa calidade estética, resulta, ao meu xuízo, superior a oferta presentada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS, S.L., por presentar formas xeométricas diferentes, de diferentes tamaños, debuxos, etc, dando un aspecto, ao meu xuízo, moito máis alegre á proposta. No caso de EFFICO, a oferta resulta máis monótona nos seus desenvolvementos estéticos, e pouco creativa en especial no material ofertado para as rúas do centro.

*Dimensións:* De xeito xeral, as dimensións dos elementos resultan axeitadas, aínda que tamén neste apartado resulta superior, ao meu xuízo, a proposta de CREACIONES LUMINOSAS, S.L., De feito, EFFICO. presenta, nalgúns casos, elementos que se consideran pequenos para os largos da rúa a iluminar (por exemplo, nos casos das luminarias en San Xoán) e, nalgún caso, ao meu xuízo, manifestamente insuficiente, (caso da zona rural: 1,05x2,02 m).

*Efectos:* A empresa CREACIONES LUMINOSAS, S.L. presenta unha boa variedade de efectos; EFFICO, en cambio, non manifesta efectos na súa documentación.

##### **Variedade**

Pódese ver no expediente os elementos a instalar. Como se indica, EFFICO presenta unha soa campaña, e, dentro desta, os deseños son máis uniformes, xogando con menos modelos, co que, aínda que dentro de cada un propoñen varias cores diferentes, en realidade, pode resultar

monótono. No caso de CREACIONES LUMINOSAS, resultan moito máis axeitadas; contabilízanse unha boa variedade de modelos diferentes, cunha carta de cores variada.

## 2. Deseño de motivos e arcadas en prazas

Neste apartado, as dúas empresas presentan, para Nadal, unha solución única para as dúas campañas. As ofertas, que se poden ver no expediente, poden resumirse en:

- PRAZA DE AMBOAGE:
  - EFFICO: presenta un paraugas de micro-lámpada, e cor branco frío, un elemento 3D (un anel de dimensións 4x4x0,6 m) para facer de photocall e 2 estrelas, tamén 3D, de dimensións 2x2x0,3 m
  - CREACIONES LUMINOSAS: Paraugas de fío cor cálido con flashing.
- PRAZA DE ARMAS
  - EFFICO: iluminación das árbores (coas guirnaldas abrazando á árbore, o que lle da un aspecto estético máis interesante que a solución de liñas que caen dende a copa) e un cono 3D de 23 m.
  - CREACIONES LUMINOSAS: árbores da praza con 10 caídas de 8 metros de fío branco cálido.
- PRAZA DE ESPAÑA
  - EFFICO: ademais de varios motivos nas farolas da praza, un cono 3D de 13,5 metros (coronado por unha estrela)
- CANTÓN E MOLÍNS
  - EFFICO: no paseos de pedra, instala un teito de luz en zig zag; na zona de terra, 3 figuras 3D (renos) e na praza da Constitución, unha bola 3D de 4x4x4 m
  - CREACIONES LUMINOSAS: nos paseos de pedra e de terra con teito de luz mediante liñas en branco cálido con flashing, entre árbores. Cantón de Molíns con motivos nas farolas.
- CRUCEIRO DE CANIDO
  - EFFICO: presenta ornamentación de 4 árbores da praza e unha caixa (plana) de 2,35x2,65x0,4 m
  - CREACIONES LUMINOSAS: paraugas de guirnaldas.
- PRAZA VELLA
  - EFFICO: Un cono de 8 m.
  - CREACIONES LUMINOSAS: paraugas de guirnaldas microled.
- ENTROIDO
  - EFFICO: Como se indica máis arriba, esta oferta se limita ao entroido de 2024. Presenta arcadas con máscaras para as rúas, quizais demasiado xeométricas nos seus plantexamentos, un paraugas na praza de Amboage, e un photocall 2D, moi colorido, de 3,5x5 m na praza de Armas.
  - CREACIONES LUMINOSAS: Inclúen un cartel na fachada do Pazo Municipal con caretas e a lenda: Entroido 2024 (ou Entroido 2025), e arcadas nas rúas un pouco máis

alegres cas de EFFICO.

Nestas condicións, pódense facer as seguintes consideracións

Non son, neste punto, ofertas demasiado ambiciosas, e a de EFFICO resulta, ao meu xuízo, superior, en base aos seguintes puntos:

#### *Aspectos estéticos*

*Cores:* Resulta superior a oferta presentada por EFFICO. A outra oferta, a de CREACIONES LUMINOSAS, resulta excesivamente austera, carente de variedade nos seus plantexamentos, baseada na cor branca de teitos ou paraugas.

*Aspecto Visual:* Nos dossieres que se achegan coas ofertas, pódense apreciar as características dos elementos ofertados. Aínda que presentan boa calidade estética, resulta, ao meu xuízo, superior a oferta presentada pola empresa EFFICO, cunha maior oferta ca de CREACIONES LUMINOSAS que faise francamente, neste punto, escasa, ao estar formada, case en exclusiva, por teitos de luz, que, aínda que ben dimensionados, e resultando moi aparentes, precisarían dalgún outro elemento que os complementara, sobre todo en AMBOAXE e, en menor medida, en Armas (onde o Concello instala tradicionalmente outros elementos, como o Belén e motivos na balconada da primeira planta).

#### Dimensións

Námbolos dous casos, os elementos propostos polas empresas presentan unhas dimensións acordes aos espazos nos que se instalan, sen que caiban diferenzas neste sentido.

#### *Efectos*

EFFICO non manifesta ningún tipo de efecto no seu material. CREACIONES LUMINOSAS, sí introduce efectos flashing nos teitos de Cantón de Molíns, Amboage e nos árbores de Praza de Armas.

#### *Variedade*

Pódese ver no expediente os elementos a instalar. As dúas ofertas son únicas nas dúas campañas contratadas de CREACIONES LUMINOSAS resulta pouco variada. Algo superior resulta a de EFFICO neste sentido

### **3. Calidade técnica e eficiencia dos motivos e arcadas**

As dúas ofertas presentan materiais de alta eficiencia, basicamente ffo con guiraldas microLED, o que garante o consumo controlado da instalación.

### **4. Calidade e claridade da información contida na oferta**

As dúas ofertas resultan sinxelas, claras e concisas, a de EFFICO ordenada por rúa, segundo a

relación do PPT, e a de CREACIONES LUMINOSAS por motivo/arcada. Námboles dous casos, resulta sinxelo entendelas.

5. Nestas condicións, propónse a seguinte táboa de avaliación das ofertas presentadas, segundo os aspectos avaliados. No caso do criterio estético, descompúxose nos seguintes aspectos: Cores, aspecto visual, dimensións e efectos.

		RÚAS		
	Puntos máximos	Aspecto	EFFICO	CREACIONES LUMINOSAS
Estéticos	7	Cores	2	6
	7	Aspecto visual	2	6
	4	Dimensións	2	4
	2	Efectos	0	2
Variedade	2	Variedade	0,5	2

		PRAZAS		
	Puntos máximos	Aspecto	EFFICO	CREACIONES LUMINOSAS
Estéticos	8	Cores	6	2
	8	Aspecto visual	5	3
	2	Dimensións	2	2
	2	Efectos	0	1,5
Variedade	2	Variedade	1,5	1

6. Sendo, polo tanto, a avaliación dos criterios subxectivos de ámbalas dúas ofertas, e con independencia do indicado no punto 3.3, a seguinte:

		EFFICO	CREACIONES LUMINOSAS
RÚAS	Estéticos (20)	6	18
	Variedade (2)	0,5	2
PRAZAS	Estéticos (20)	13	8,5
	Variedade (2)	1,5	1
Calidade técnica y eficiencia (2,5)		2,5	2,5
Calidade e claridade da información (2,5)		2,5	2,5
TOTAL		26	34,5

Do que se informa aos efectos oportunos.

Ferrol, na data da sinatura electrónica  
O enxeñeiro municipal

Asdo.- Alberto Castro Rascado